

## COMENTARIOS DE ALUMNADO DE 4º ESO A: CURSO 2008-2009

Cando empecei a ler este libro, pensei que, segundo a súa aparencia, ía ser de medo (xa que estes xunto cos de intriga son os únicos que me atraen) pero é que me decepcionou, pois moitos dos relatos que aparecen no libro, non teñen nada que ver co ámbito do medo. Ademais, eu penso que é moi difícil facer un libro de medo; xa que ten que estar moi ben para que te poidas mergullar nesa historia. Agora ben, houbo un relato "A neve e a cadeira" que, sen dúbida algunha foi un dos mellores contos de medo que lin; xa que neste caso o autor si que foi capaz de crear o ambiente necesario para que o lector se sinta coma o protagonista da historia e poida vivir o que lle está a acontecer a este.

En canto ó léxico e ó vocabulario non ten problema ningún, pois é doado e rápido de ler (podelo rematar nunha tarde), polo que se che gustan os libros curtos e queres subir nota, eu escollería este libro de Xosé Miranda. Ademais disto, nalgunhas partes da obra atópanse adxectivos un tanto peculiares e palabras seica un pouco raras polo que rematas por te facer un barullo tremendo; así que, nalgún tramos dos relatos haberá que se deter e comprender o que queren dicir.

Para rematar; eu recomendaríao por unha parte: doado e rápido de ler (como xa dixen) e polo gran capítulo de "A neve e a cadeira". Pero se o que che gustan son os relatos de medo, este non é o teu xa que te vai decepcionar. Iso si, se eu falase co autor diríalle que se alguén quere facer un conto de medo ten: 1º que o ambientar moi ben; 2º poñer un léxico fácil e simple no que o lector non se desvíe do tema principal e manter o ambiente de medo durante toda a lectura. E 3º falar de temas que se estean a vivir na realidade e deixar un pouco de lado a fantasía, podendo así o lector identificarse co protagonista e sentirse preocupado e inquedo. Por iso penso que neste libro o autor non conseguiu transmitir medo ó lector. (**PABLO**)

*As mans do medo* é un libro moi fácil de ler, curto e cun léxico moi fácil. É un libro principalmente de contos de intriga, medo e intriga; pero non todos son iguais algúns poden causar medo e outros so contan unha historia un pouco fantástica. Os contos son uns relatos que nunca sabes ben o que vai pasar, sobre todo nos longos como no de "As mans do medo" ou "A neve e a cadeira" que sempre te sorprende con algo, que non esperabas. Son historias que non se parecen as típicas historias de medo, estas son novas, polo menos para min. A historia que máis me gustou a teño clara, para min foi a que lle da nome ao libro, "As mans do medo", é unha historia

moi rara, mentres a lía non sabía que pensar pois é unha historia intrigante dende o primeiro momento,tamén da medo, un pouco de preocupación... ten de todo. A verdade é que nunca escoitara unha historia como esta de que unha persoa acabe sendo outra ao ir encontrando partes do corpo, é unha historia moi rara que sempre me fai pensar que sería unha boa película de medo.

As demais historias non me gustaron tanto, a verdade é que esperaba algo tan bo como o primeiro e decepcionáronme un pouco pois son historias mais aburridas. A da " A neve e a cadeira" está ben pero quizais se me fixo un pouco larga de máis e máis aburrida cá outra. Os demais contos son máis pequenos que estes dous pero está ben, outro que me gustou moito e me fixo moita graza foi o de "Anxos da garda" que aínda que so dura dúas páxinas é moi bonito. (**BLANCA**)